

PROVINCIALISMO, REXIONALISMO E NACIONALISMO EN GALICIA

A mediados do XIX xurde unha progresiva **toma de conciencia das súas particularidades, xunto á defensa dos seus intereses económicos e políticos. Por isto configurouse un movemento heteroxéneo, o galeguismo O GALEGUISMO**

- Reivindica:
 - o recoñecemento dos intereses de Galicia
 - a defensa do galego e
 - o autogoberno

No seu proceso cabe distinguir tres fases:

1. **PROVINCIALISMO** (1840-1885)

- En torno a 1840 xorden as primeiras reivindicacións en defensa da propia personalidade de Galicia e tamén a crítica ao centralismo político
- Esta labor foi obra da **xeración de 1846**, entre os que destacou **ANTOLÍN FARALDO**, que nos seus escritos fixo patente as características diferenciadoras de Galicia e os problemas que padecía (falta de industrialización, ruralización, atraso, illamento...)

Xunto coa denuncia dos problemas aparecen as **primeiras reivindicacións políticas, reclamando o autogoberno, que se reflicten no PRONUNCIAMENTO DE 1846**, encabezado por **MIGUEL SOLÍS CUETOS** contra o goberno moderado de Narváez. Formase en Santiago a **XUNTA SUPERIOR DE GOBERNO DE GALICIA**, que denunciou:

- A explotación que padecía o pobo galego
- O desexo de rexenerar a súa riqueza e prestixio

Este movemento fracasou e Solís e os seus compañeiros foron fusilados (**MARTIRES DE CARRAL**), pero as súas propostas foron continuadas por grupos políticos con perspectivas diferentes (rexionalistas, federalistas)

Paralelamente xorde un movemento cultural que tratou de recuperar a historia e a literatura, O **REXURDIMENTO*** (Rosalía de Castro, Murguía, Pondal, Curros, etc.)

2. **REXIONALISMO** (1885-1916)

Ao mesmo tempo que noutras zonas, na década de 1880 aparece un movemento de carácter rexionalista, que **busca, xustifica e defende o emprego do galego e a consecución dun dereito á autonomía política e administrativa, pero sen rachar a unidade de España.**

O rexionalismo formulouse desde dúas posturas diferentes:

- ✓ A LIBERAL, liderada por **MANUEL MARTÍNEZ MURGÍA. as**
 - Xustificou a realidade de Galicia en razóns **étnicas, idiomáticas, xeográficas e históricas**
 - Reivindicou o dereito a recuperar a súa **autonomía política**, que se lograría con **descentralización administrativa e económica**
- ✓ A CONSERVADORA, TARDICIONALISTA E CATÓLICA, representada por **ALFREDO BRAÑAS.**
 - Defendeu a idea da dobre patria (a grande e a pequena) para así compaxinar o rexionalismo coa unidade de España
 - Avogou polas institucións propias para o goberno das rexións (estas teorías podíanse aplicar a todas as rexións que tivesen aspiracións á autonomía política)
 - Para Galicia incluía o **catolicismo** como trazo fundamental, así como o **cooperativismo social e gremial como base das institucións políticas rexionais.**

Apareceron as **primeiras organizacións de tipo galeguista**, así como os **primeiros xornais**

3. **NACIONALISMO** (1916-1936)

A partir de 1916 o galeguismo (Antón Vilar Ponte, Vicente Risco, Ramón Villar Ponte, Castelao) afirmou que **Galicia é unha nación***, **caracterizada pola súa lingua, a súa xeografía, a súa raza o seu espírito, a súa cultura e a súa historia.** Fundamentaron e divulgaron os trazos esenciais da nación galega e propuxeron solución para os problemas. Tiveron un **mesmo ideario común básico:**

Xurdiron **diferenzas entre eles** por motivos políticos e sociais:

- **NACIONALISMO TRADICIONALISTA** (Otero Pedrayo, Vicente Risco...): defendeu o **predominio ideolóxico do catolicismo, a hexemonía social e política da fidalguía e dos intelectuais.**
- **NACIONALISMO DEMOCRÁTICO** (Castelao, Xaime Quintanilla, Alexandre Bóveda...): tratou de compatibilizar a democracia co pleno autogoberno de Galicia.

No terreo organizativo manifestouse

1. As **Irmandades da Fala** (A Coruña, 1916, Antón Vilar Ponte). Defendían a lingua galega e a súa dignificación, así a busca de solucións aos problemas económicos e políticos. En 1918 celebrouse en Lugo a I Asemblea das Irmandades (**I Asemblea Nacionalista**)
2. **Seminario de Estudos Galegos** (Xeración Nós). Labor de estudo, creación e divulgación de todos os aspectos da realidade galega
3. **Organización Republicana Galega Autónoma** (ORGA). Despois da Ditadura de Primo de Rivera, en 1929 comezou a reorganización xunto cos republicanos
4. **Partido Galeguista:** (1921): Gran protagonismo na II República